



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Lingua Galega e Comunicación Oral	Código	613G02021	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	carlos.vizcaino@udc.es	
Profesorado	Freixeiro Mato, Xose Ramon	Correo electrónico	ramon.freixeiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo aplicado de aspectos gramaticais, especialmente fonéticos e pragmáticos, con incidencia na comunicación oral da lingua galega.			
Plan de contingencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non hai modificacións nos contidos da materia.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Lecturas, presentación oral e traballos tutelados. *Metodoloxías docentes que se modifican Sesión maxistral e obradoiro, que serán substituídas pola modalidade de impartición telemática, realizando sesións síncronas/asíncronas a través de Teams ou ben facilitando presentacións xerais e breves lecturas complementares a través da plataforma Moodle.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado As titorías de atendimento ao alumnado desenvolveranse mediante o correo electrónico, Moodle e Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Manteranse todas as metodoloxías presentes na avaliación con normalidade presencial. No caso da avaliación da ?Proba mixta? e da ?Presentación oral?, estas realizaranse telematicamente, podendo ofrecerse tanto de maneira síncrona como asíncrona, cuxas características e datas serán comunicadas ao alumnado a través de Moodle con suficiente antelación. *Observacións de avaliación: Ningunha</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Non se realizarán mudanzas. Se for necesario, o alumnado disporá de todos os materiais de traballo de maneira dixitalizada en Moodle.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A21	Dominar a gramática da lingua galega.
A23	Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.
A25	Coñecer a variación lingüística da lingua galega.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.



B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	O alumnado deberá saber diferenciar, na teoría e na práctica oral, os fonemas vocálicos e consonánticos galegos, ben como as súas realizacións.	A4 A15	B3 B4
O alumnado deberá demostrar coñecementos avanzados en prosodia e fonética sintáctica da lingua galega.	A4 A9 A15 A21	B3	
O alumnado deberá ser capaz de realizar enunciados orais espontáneos en lingua galega con calidade fonética e prosódica, ben como de locutar textos formais escritos.	A4 A9 A10 A15	B4	C3 C6
O alumnado deberá ser capaz de recoñecer variedades diafásicas orais da lingua galega e de transitar por elas na súa práctica oral.	A4 A15 A21	B3	C1
O alumnado deberá recoñecer o valor da diversidade oral da lingua galega e ser quen de superar na súa práctica oral os prexuízos relativos á fonética patrimonial e aos diferentes sotaques (incluído o dos neofalantes).	A23 A25	B8 B10	C4 C6
O alumnado deberá saber analizar a calidade fonética, prosódica e fonoestilística dun texto oral galego e presentar resultados por escrito de maneira organizada, sintética e dentro dos estándares da redacción académica.	A1 A2 A10 A15 A21	B1 B2 B6 B7	C1 C3

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Linguaxe e comunicación oral	1.1. Caracterización da lingua oral 1.2. Modalidades da comunicación oral 1.3. Trazos definidores da comunicación oral formal
2. Fonética e Fonoloxía da lingua galega	2.1. Sons e fonemas 2.2. Sistema vocálico 2.3. Sistema consonántico 2.4. Rendibilidade expresiva: fonoestilística
3. Trazos prosódicos da lingua galega	3.1. A cadea falada. Fonética sintáctica 3.2. A sílaba 3.3. O acento e a entoación 3.4. Dicción e locución



4. Na procura dunha declamación galega do verso	4.1. Prexuízos, diglosia e fórmulas colonizadas de dicir o verso 4.2. A definición dunha maneira galega de declamar: modelos activos na lusofonía e propostas desde a Galiza
---	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A4 A10 A25 B7 C6	10	4	14
Obradoiro	A1 A4 A15 A21 A23 B1 B3 B8 B10	24	48	72
Lecturas	A4 B1 B3 B6 B7 C6	2	20	22
Traballos tutelados	A2 A4 A9 A15 A21 A25 B1 B2 B3 B4 B6 C3 C4	4	24	28
Presentación oral	A4 A15 A21 B3 B4 B6 C1 C3 C6	2	10	12
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Obradoiro	Nas sesións presenciais previamente determinadas nun cronograma incorporado ao campus virtual da materia realizaranse prácticas de prosodia, ortoepía, fonética sintáctica e rendibilidade expresiva. Estas actividades estarán baseadas na procura de modelos de calidade e a aprendizaxe colaborativa. Cada estudante terá un espazo para rexistrar as súas prácticas orais que funcionará a modo de portafolio. O obradoiro poderá incluír a participación de persoas convidadas que acheguen modelos articulatorios exemplarizantes ou a audición de rexistros sonoros que funcionen como referentes a imitar. A participación no 80% das prácticas do obradoiro (e o seu consecuente rexistro) será unha condición indispensábel para poder ser avaliada/o.
Lecturas	Ao inicio do cuadrimestre estará dispoñíbel no campus virtual da materia a relación de lecturas previas obrigatorias e a súa secuencia. Estas serán realizadas fóra das sesións e servirán de posta en común e punto de partida para as reflexións das sesións maxistras e as prácticas do obradoiro, onde se realizará o seguemento das lecturas de cada estudante.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar dous traballos prácticos. O primeiro, escrito, consistirá na análise do modelo oral dun fragmento tirado dos medios de comunicación ou das redes sociais e previamente combinado co docente e na achega de melloras desa oralidade. O segundo, oral, consistirá na incorporación ao campus virtual dunha gravación en que a/o estudante declame un fragmento poético fuxindo dos modelos da dicción do verso español, segundo o traballado no obradoiro.
Presentación oral	Cada estudante realizará unha presentación oral presencial do primeiro dos traballos tutelados ao conxunto do grupo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Presentación oral	Ao lado do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización dos "Traballos Tutelados". De maneira xeral, cada estudante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.



Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A4 A15 A21 A23 B1 B3 B8 B10	A participación nas prácticas orais do obradoiro será avaliada através do portafolio dixital até un 50% da cualificación total posíbel.	50
Traballos tutelados	A2 A4 A9 A15 A21 A25 B1 B2 B3 B4 B6 C3 C4	Valorarase fundamentalmente a aprendizaxe autónoma e o grao de consecución das destrezas propias da materia. Cada un dos dous traballos será avaliado até un 20% da cualificación final.	40
Presentación oral	A4 A15 A21 B3 B4 B6 C1 C3 C6	A calidade fonética e os recursos e estratexias fonoespresivas empregadas serán avaliados, xunto coa clarezza e a coherencia-cohesión do discurso, até un 10% da cualificación final.	10

Observacións avaliación

1. As persoas con matrícula a tempo parcial e/ou dispensa académica deberán porse en contacto co docente en horario de titorías ou a través do correo electrónico para coñecer a maneira de acompañar o curso através das ferramentas de comunicación asíncrona establecidas ao efecto.
2. Para alén de alcanzar unha cualificación total superior a 5 valores sobre 10, para superar a materia serán requisitos indispensábeis a asistencia ao 80% das prácticas do obradoiro e a realización dos dous traballos tutelados. Quen non cumprir ambas as condicións será considera/o NON PRESENTADA/O.
3. Na segunda oportunidade (xullo) e na convocatoria adiantada de decembro haberá que realizar os mesmos traballos e probas que na primeira e o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior. Caso de non ter realizado durante o cuadrimestre algunha das actividades avaliábeis, abrirase un novo prazo para a súa presentación. O obradoiro acompañarase segundo as instrucións recollidas no campus virtual da materia.
4. As persoas que se matricularen na convocatoria adiantada de decembro deberán contactar co profesor antes de o mes de novembro concluír.
5. Salvagardando en todo o momento os dereitos de autoría e protexendo os datos dos mesmos, os traballos académicos presentados polo alumnado da materia poderán ser incorporados á base de datos dunha ferramenta de detección de plaxio ou de presentación do mesmo exercicio en varias materias. De se producir algunha destas circunstancias, o traballo fícará anulado e poderanse activar as medidas recollidas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC.
6. Todas os exercicios deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?). No caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués a 6 de xullo de 2018 e incorporado ao campus virtual).

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Barroso, H. (1999). Forma e Substância da Expressão em Língua Portuguesa. Coimbra. Almedina - Catford, J. C. (1994). A Practical Introduction to Phonetics. Oxford. Clarendon - Fernández Rei, F. (1991). Dialectoloxía da lingua galega. Vigo. Xerais - Fernández Rei, Elisa & Regueira, Xosé Luís (eds.) (2008). Perspectivas sobre a oralidade. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega - Ferreiro, M. (1999). Gramática histórica galega I. Fonética e Morfosintaxe. Santiago: Laiovento - Freixeiro Mato, X. R. (2006). Gramática da lingua galega I. Fonética e fonoloxía. Vigo. A Nosa Terra - Hernández Guerrero, José Antonio & García Tejera, María del Carmen (2004). El arte de hablar. Manuel de Retórica Práctica y de Oratoria Moderna. Barcelona: Ariel - López Viñas, Xoán / Lourenço Mória, Cilha / Moreda Leirado, Marisa (2011). Gramática da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións - Martínez Celdrán, E. (2002). Introducción á fonética. O son na comunicación humana. Vigo: Galaxia - Regueira Fernández, X. L. (coord.) (1999). Os sons da lingua. Vigo. Xerais - Regueira Fernández, X. L. (2012). Oralidades: reflexións sobre a lingua falada no século XXI. A Coruña: Real Academia Galega - Regueira Fernández, X. L. (2013). Estándar oral e modelos de lingua. A letra miúda 2 (http://coordinadoraendl.org/aletramiuda/index.php?art=art2_n2.html) - Studer, Jürg (2000). Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer. Madrid: El Drac
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Álvarez Blanco, R. (1988). Consideracións sobre a metafonía nominal galega, en Homagem a Joseph Piel per ocasião do seu 85º aniversario. Tübingen. Instituto da Cultura e Língua Portuguesa e Consello da Cultura Galega - Bagno, M. (2001). A língua de Eulália. Novela sociolingüística. São Paulo. Contexto - Fernández Rei, F. / Hermida Gulías, C. (2004). A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego. Santiago: Consello da Cultura Galega - Kerbrat-Orecchioni, C. (2006). Análise da conversación. Princípios e métodos. São Paulo: Parábola - Morales, C. J. (2001). Guía para hablar en público. Madrid: Alianza - Regueira Fernández, X. L. (1994). Modelos fonéticos e autenticidade lingüística. Cadernos de Lingua 10. 37-60 - Regueira Fernández, X. L. (1999). Estándar oral e variación social da lingua galega, en Cincuidos por unha arela común. Homenaxe a Xesús Alonso Montero. Santiago de Compostela. Universidade de Santiago de Compostela - Regueira Fernández, X. L. (2011). Dicionario de pronuncia da lingua galega. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega - Sánchez Rei, X. M. (ed.) (2014). Modelos de lingua e compromiso. A Coruña: Baía Edicións - Veiga Arias, A. (1976). Fonología gallega. Valencia. Bello

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Galega 1/613G02002

Lingua Galega 2/613G02014

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías